



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da Alcaldía de data 17.08.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA 2 TÉCNICOS/AS DE EMPREGO E ORIENTACIÓN LABORAL E 1 TÉCNICA PROSPECTORA LABORAL, ENCADRADA NO GRUPO A, SUBGRUPO A-2 A DON CARLOS ARIAS GONZÁLEZ, DONA MARIA DEL PILAR LAGO GOBERNA E DONA ROSA MARÍA MOLINOS CAMPOS VINCULADOS AO PROGRAMA DE EXECUCIÓN TEMPORAL INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2019-2020.

1. O Concello de Tui solicitou ao abeiro da orde de 7 de xuño de 2019 (DOG núm. 116 de data 20.06.2019) a concesión dunha subvención para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2019 e 2020.
2. O día 22.10.2019 (n.r.e 2019-E-RC-9265) notifícase ao Concello de Tui a resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se procede á concesión da subvención solicitada de acordo co disposto na orde de 7 de xuño de 2019 durante os anos 2019 e 2020 por un importe total de 250.000,00 euros.
3. A subvención concedida está destinada a financiar o Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o 2019-2020 coas especificacións que se indican na resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral. Para levar a cabo a xestión do proxecto é precisa a selección de persoal técnico e administrativo para desenvolver o Programa Integrado de Emprego que está a realizar o Concello de Tui.
4. O obxectivo fundamental a acadar polo persoal funcionario interino vinculado ao programa de execución temporal Integrado de Emprego, será promover a inserción laboral de persoas participantes, e a xustificación final da actividade, polo que é preciso o nomeamento interino do seguinte persoal ata a data de remate do programa o día 20.10.2020: 2 técnicos/as de emprego e orientación laboral, 1 prospector/a laboral e unha/un auxiliar administrativo.
5. Providencia da concellaría de Persoal e Formación e Emprego de data 23.01.2020 e 24.01.2020 respectivamente para a tramitación de expediente de selección dunha persoa como prospectora laboral e dúas persoas como técnicas de Emprego e Orientación Laboral e a realización dun nomeamento interino dunha/dun auxiliar administrativo para poder levar a cabo a xestión do Programa Integrado de Emprego para o 2019-2020.
6. Proposta de bases de selección de persoal, das concellarías de Persoal e Formación e Emprego de data 23.01.2020 e 24.01.2020 respectivamente, para o proceso de selección para o nomeamento como persoal interino sen praza vinculado ao Programa Intregado de Emprego para o 2019-2020.
7. Retención de crédito de data 14.02.2020.
8. Informe da técnica de Persoal de data 19.02.2020 (REF B08-20).



9. Informe de fiscalización da intervención municipal de data 19.02.2020 (REF: Desf 11/2020 (EMP 42/2020)).
10. Resolución da Alcaldía de data 20.02.2020 de levantamento de reparo e continuación do procedemento.
11. Resolución da concellaría de Persoal de data 20.02.2020 (núm. 2020-0204) de aprobación das bases e convocatoria de selección para a contratación de persoal en réxime de persoal funcionario interino para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui que se desenvolverá ao abeiro da subvención concedida pola consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (expte. TR332A 2019/66).
12. Convocatoria do proceso de selección de 2 persoas como técnicas de Emprego e Orientación Laboral e 1 persoa como técnica Prospector Laboral para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui, publicada no BOP Pontevedra núm. 43 de data 03.03.2020. O prazo de presentación de instancias rematou o 13.03.2020, debido á declaración do estado de alarma pola crise sanitaria causada polo COVID-19 o proceso de selección suspendeuse ata o levantamento da suspensión a partires do 1 de xuño de 2020. Neste caso non era de aplicación o disposto na DA 3º do RD 463/2020 na redacción dada ao seu apartado 4º polo RD 465/2020 por non tratarse dun procedemento indispensable para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.
13. Resolución da concellaría de Persoal de data 10.06.2020 (núm 2020-0611) pola que se aproba a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso de selección para a contratación como persoal funcionario interino sen praza de persoal do Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o ano 2019-2020.
14. Resolución da concellaría de Persoal de data 21.07.2020 (núm 2020-0793) pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento tribunal e data do exame do proceso de selección de persoal funcionario interino para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o 2019-2020.
15. Resolución da concellaría de Persoal de data 06.08.2020 (núm .2020-0874) pola que se require a documentación para o nomeamento como persoal funcionario interino sen praza do Programa Integrado de Emprego para o 2019-2020.
16. Resolución da concellaría de Persoal de data 10.08.2020 (núm. 2020-0881) pola que se aproba a listaxe de reserva do proceso de selección para o nomeamento de persoal funcionario interino sen praza para o Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui para o 2019-2020.
17. Resolución da concellaría de Persoal de data 12.08.2020 (núm. 2020-0891) pola que se aceptan as renuncias presentadas e se require a documentación para o nomeamento como persoal funcionario interino para o Programa Integrado de Emprego para o 2019-2020.
18. Mediante escrito de data 17.08.2020 (n.r.e 2020-E-RC-5121) Dona María del Pilar Lago Goberna, escrito de data 17.08.2020 (n.r.e 2020-E-RC-5126) Dona Rosa María Molinos Campos e escrito de data 17.08.2020 (n.r.e 2020-E-RC- 5137) Don Carlos Arias González presentan a documentación requirida para o nomeamento como persoal funcionario interino sen praza para o Programa Integrado de Emprego para o 2019-2020.

Ao abeiro da competencia atribuída no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, competencia indelegable segundo o disposto no artigo 21.3 da mesma norma e en concordancia co indicado no artigo 205.5 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

RESOLVO:

1. Nomear coma persoal funcionario interino sen praza, técnicos de Emprego e Orientación Laboral vinculado ao Programa de execución temporal Integrado de Emprego do Concello de Tui para o 2019-2020, do grupo A, subgrupo A-2 a Don Carlos Arias González con DNI **2164** e Dona María Pilar Lago Goberna con DNI **8484**.
2. Nomear como persoal funcionario interino sen praza, técnica Prospectora Laboral vinculada ao Programa de execución temporal Integrado de Emprego para o Concello de Tui para o 2019-2020, do grupo A, subgrupo A-2, a Dona Rosa María Molinos Campos con DNI **5010**.
3. As retribucións a percibir polo persoal funcionario interino sen praza serán as correspondentes ao grupo A, subgrupo A-2 e complemento de destino nivel 20 e complemento específico mensual 460,89 euros.
4. Notificar a presente resolución as persoas interesadas aos efectos de que a mesma tome posesión.
5. Publicar o presente nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello polo prazo de 1 mes.
6. Dar traslado do presente acordo á unidade de Persoal para os efectos de que prepare o expediente da toma de posesión.
7. Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión que se celebre.
8. Contra o presente acordo poderá interporse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se estafora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asinao o sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro Gonzalez, en Tui.
Documento asinado dixitalmente á marxe.

